



## Campaña “NADAL ADETO”

**Data inicio:** día 12 de decembro

**Data final:** día 4 de xaneiro.

**Data sorteo:** día 5 ás 11.30 no local de Adeto.

### Bases:

1.- PARTICIPANTES ASOCIADOS: poderán adherirse todos os asociados a ADETO que queiran participar nesta acción promocional aportando un premio do seu negocio.

2.- PARTICIPANTES NO SORTEO: no sorteo poden participar todos os clientes que compren no comercio asociado Tomiñés que participe nesta acción.

2.A. Por mercar ou utilizar os servizos nun establecemento asociado o cliente pode cubrir un número para participar no sorteo.

2.B. Correspóndelle ao establecemento decidir o gasto mínimo para cubrir un número. En todo caso a participación é gratuíta. O cliente paga polos produtos ou servizos que adquira, non por participar.

2.C. A participación dos clientes neste sorteo supón a aceptación destas bases.

3.- PROCEDIMENTO: cada asociado contará cun cartón con números que os seus clientes cubrirán para participar no sorteo. No recadro do número debe lerse claramente o nome e o teléfono de contacto do cliente.

4.- CARTÓNS: Cada asociado disporá inicialmente dun cartón de 72 números.

5.- PREMIOS: Os premios son aportacións voluntarias dos socios participantes. As posibles modificacións ou cambios nos mesmos están suxeitas á decisión do `aportador' garantizando que o premiado reciba en calquera caso un regalo de valor e cualidades semellantes.

5. B. Os premios agrúpanse en lotes de 3 de xeito que cada número sexa premiado con 3 regalos de distintos establecementos. Estes lotes serán decididos e numerados antes do sorteo.

6.- SORTEO: O sorteo con todos os números dos cartóns celebrarase o 5 de xaneiro ás 11:30 no local de ADETO.

6. B. Só poderá haber un premiado por establecemento.

6. C. A cada número se lle asignará por azar un lote de premios.



7.- NOTIFICACIÓN DO PREMIOS: os números premiados serán contactados telefonicamente. Ademais, teremos na nosa web os número premiados, e comunicaremos aos asociados os números e premiados e os establecementos aos que corresponden.

9.- ENTREGA DE PREMIOS: A entrega de premios, previa notificación ás persoas agraciadas, será presencial e contará coa presenza dos asociados participantes ou representación dos mesmos.

10.- INTERPRETACIÓN: a interpretación das presentes bases correspóndelle a ADETO.

11.- DEREITOS DE IMAXE: As persoas gañadoras desta campaña, permitirán a publicación do seu nome na páxina web e redes sociais de ADETO e a que se lle saque unha foto na entrega de premios, autorizando a que esta se comparta nas nosas redes sociais.

Para calquera dúbida ou suxestión, non dubide en contactar no teléfono 698 193 729 ou no mail [info@adeto.es](mailto:info@adeto.es)